

NOTA DE PRENSA

A mobilidade e a seguridade viaria protagonizan desde o venres as IV Xornadas da Psicoloxía do Tráfico

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019 – Mañá venres 8 e o sábado 9, os retos da mobilidade e a seguridade converteranse en protagonistas nas **IV Xornadas da Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade**, que organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e que se celebrará na sede colexial (Rúa Espiñeira, 10, Santiago de Compostela).

Este encontro de carácter profesional parte do ámbito da psicoloxía do tráfico e a seguridade como unha área de intervención que trata de dar resposta aos novos retos propostos no marco da mobilidade das persoas e a súa seguridade. A preocupación pola saúde e a contaminación está xerando a necesidade de novas liñas de traballo en formación, selección así como recoñecemento destes psicólogos e psicólogas.

Esta xornada pretende ser un foro de encontro e reflexión do conxunto de intereses e aplicacións que os e as profesionais da Psicoloxía teñen no campo da mobilidade así como da seguridade pública e privada para poder compartir novas liñas de investigación en prevención, formación e ámbitos de actuación.

Tras a inauguración ás 16 horas, a conferencia inaugural do venres 8 correrá por conta de **Paula M^a Márquez Padorno**, subdirectora adxunta do **Observatorio Nacional de Seguridade Vial**, que falará sobre a prevalencia, a reincidencia e o edadismo na conducción. Daralle paso a unha mesa institucional sobre a mobilidade e a seguridade en Galicia no século XXI, na que participarán a **Xefa Provincial da Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña, Victoria Gómez Dobarro**; o **fiscal coordinador de Seguridade Viaria de Galicia, Carlos Gil García**; o **tenente coronel da Garda Civil de Tráfico de Galicia, Francisco Javier Molano Martín**; así como o **intendente principal da Policía Local do Concello de Pontevedra, Daniel Macenlle**.

A sesión do sábado abrirase ás 9 horas cunha conferencia sobre o factor humano, novo concepto de vehículo, impartida pola psicóloga **Eva García Quinteiro, do Centro Tencolóxico de Automoción de Galicia**. A continuación será tempo de falar sobre os drones e a seguridade, nun relatorio impartido por **Javier Menéndez Rodríguez**, responsable do Departamento Técnico de **Cartogalicia**. Os profesores da **Facultade de Psicoloxía** da Universidade de Santiago de Compostela **José Manuel Blanco Rial** e **Xosé Antón Gómez Fraguela** exporán as súas respectivas investigacións en atención e conducción por unha banda, e do Programa de avaliación de condutores infractores (PECI) pola outra.

A tenza de cans perigosos e o protocolo para a avaliación será tratada por **Alejandro González Piñeiro**, psicólogo do **Grupo de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade** do COPG, e pecharanse as Xornadas ao final da mañá coa presentación do programa para a amaxofobia (fobia a conducir) impulsado por este Grupo.

Durante todas as Xornadas poderase visitar a "Feira da Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade" na propia sede do Colexio, onde se exhibirán instrumentos psicométricos históricos.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal